

A regra 5.^a da disposición adicional décima da Lei 30/1981, do 7 de xullo.

Dous. Quedan derogados o parágrafo segundo do número 2 do artigo 222 e os parágrafos primeiro e segundo do artigo 253 da Lei hipotecaria.

Tres. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, derrógase o número dous do artigo 67, quedando o número un como parágrafo único; suprímese o número 8.^o e o número 10.^o do número un.1 do artigo 91 e derrógase o número oitavo do anexo, da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Catro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, quedará derogado o título VIII do libro primeiro e as disposicións adicionais primeira, segunda e décimo cuarta da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Cinco. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002 queda derogado o artigo 21 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Seis. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

1. Os artigos 3 e 4 do Decreto do 27 de xuño de 1957, relativo ó pagamento de renda e conservación do Hipódromo de Madrid.

2. O Real decreto 1734/1982, do 9 de xullo, que modifica o Decreto do 27 de xuño de 1957, sobre pagamento de renda e conservación do Hipódromo de Madrid.

3. O Real decreto 984/1984, do 23 de maio, que modifica o Decreto do 27 de xuño de 1957, sobre pagamento de renda e conservación do Hipódromo de Madrid.

Cinco. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O establecido no capítulo IX do título V desta lei dítase ó amparo da competencia que corresponde ó Estado conforme o artigo 149.1.6.^a e 8.^a, na ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, e lexislación civil, coas excepcións establecidas para o dereito civil autonómico especial.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Un. Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2002.

Dous. As disposicións relativas ó réxime fiscal da entidade de dereito público Portos do Estado e das Autoridades Portuarias serán de aplicación ós períodos impositivos dos que o prazo regulamentario de declaración finalice a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24966 LEI 25/2001, do 27 de decembro, pola que se prorroga a vixencia do Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio. («BOE» 313, do 31-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A disposición adicional primeira da Constitución española ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais. O Estatuto de autonomía para o País Vasco, aprobado pola Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, plasma e conforma a previsión constitucional no ámbito tributario e financeiro establecendo no seu artigo 41 que: «as relacións de orde tributaria entre o Estado e o País Vasco virán reguladas mediante o sistema foral tradicional de concerto económico ou convenios»; recollendo ademais os principios e bases do contido do réxime do Concerto.

A Constitución española e o Estatuto de autonomía para o País Vasco garanten a existencia dun réxime de concerto como trazo esencial da foralidade. Neste sentido a existencia e continuidade do Concerto constitúen a expresión material dela. Garantir en todo momento as condicións de existencia e continuidade do Concerto e a seguridade plena sobre este é unha esixencia para as institucións do Estado.

En cumprimento das previsións constitucionais e estatutarias, a Lei 12/1981, do 13 de maio, aprobou o Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, logo de acordo entre a Administración do Estado e as representacións da Administración da Comunidade Autónoma e dos territorios históricos.

Con posterioridade, a dita norma foi obxecto de cinco modificacións, mediante Lei 49/1985, do 27 de decembro; Lei 2/1990, do 8 de xuño; Lei 27/1990, do 26 de decembro; Lei 11/1993, do 13 de decembro, e Lei 38/1997, do 4 de agosto. As ditas leis tiveron por obxecto a actualización, adaptación e modificación do Concerto en cada momento. Nelas seguiu o mesmo procedemento de acordo e aprobación por lei do propio Concerto.

O artigo primeiro do Concerto Económico aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio, sinala que: «este Concerto Económico acordado entre o Estado e o País Vasco, conforme o disposto no Estatuto de autonomía, durará ata o día trinta e un de decembro do ano dous mil un», sen que se prevexa expresamente a posibilidade da súa continuidade alén desta data.

Durante este ano, as representacións da Administración do Estado e das institucións do País Vasco viñeron desenvolvendo os traballos de análise e valoración dos termos do novo Concerto Económico aplicable a partir do un de xaneiro do ano dous mil dous. Estes traballos, que poden demorarse alén dos prazos establecidos para a tramitación e aprobación da norma con anterioridade ó un de xaneiro do ano dous mil dous, non deben culminar senón co logro dun bo acordo para todos.

Nestas circunstancias, considérase adecuado e oportuno aprobar unha norma con rango de lei que propicie a continuidade do Concerto Económico e reforce a seguridade xurídica de tódolos españois. Con esta finalidade, o artigo único desta lei establece a continuidade da vixencia do Concerto Económico acordado, e aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de decembro, manténdoo tempo-

ralmente, durante o ano dous mil dous, en tódolos seus termos, ata a data en que o Estado e o País Vasco acaden un acordo de aprobación dun novo Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.

Artigo único.

O Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio, será de aplicación en tódolos seus termos durante o ano dous mil dous, ata a aprobación dun novo Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o un de xaneiro de dous mil dous.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24967 REAL DECRETO LEI 16/2001, do 27 de decembro, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible. («BOE» 313, do 31-12-2001.)

No Acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social, subscrito o 9 de abril de 2001 polo Goberno, a Confederación de Comisións Obreiras, a Confederación Española de Organizacións Empresariais e a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa, incluíronse un conxunto de medidas en relación coa flexibilidade da idade de xubilación, co fin de dotala dos caracteres de gradualidade e progresividade.

Con esta finalidade, considerouse conveniente proceder á modificación da regulación da pensión de xubilación, no sentido de que esta non viñera a impedir unha presenza social activa dos cidadáns, tendo en conta, pola súa vez, que esta permanencia repercute na propia autoestima do traballador, ten efectos positivos sobre o sistema de pensións e, de modo máis xeral, presenta indubidables vantaxes para o conxunto da sociedade que, desta forma, pode aproveitar-la experiencia e os coñecementos dos traballadores de máis idade.

Consecuentemente, co obxectivo de lograr unha maior permanencia na actividade, o Goberno quedou comprometido polo dito acordo a introducir as modificacións legais necesarias que posibilitasen a adopción das seguintes medidas.

En primeiro termo, a reforma da regulación da xubilación parcial, de maneira que se posibilita a compatibilidade entre a percepción dunha pensión de xubilación e o desenvolvemento de actividades laborais desde o momento no que se comece a percibir unha pensión da dita natureza a cargo do sistema da Seguridade Social.

En segundo lugar, a exoneración do pagamento de cotizacións sociais, por continxencias comúns, salvo no que se refire á incapacidade temporal, correspondentes ós traballadores de sesenta e cinco ou máis anos, que acrediten 35 anos efectivos de cotización e que decidan voluntariamente a continuación ou a reiniciación da súa actividade laboral.

Como derivación de ámbalas medidas, acordouse tamén a necesidade de introducir outras modificacións que contemplan: a posibilidade de acceder ás pensións de incapacidade permanente, aínda que o traballador teña sesenta e cinco ou máis anos e reúna as condicións de acceso á pensión de xubilación, cando a causa orixinal da incapacidade derive dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional; a non extinción do subsidio por desemprego para maiores de 52 anos polo mero feito de que o beneficiario alcance a idade á que poida ter dereito a unha pensión de xubilación na súa modalidade contributiva; e o establecemento, para efectos de cálculo da contía das prestacións, de determinados límites ó eventual crecemento da base de cotización a partir do cumprimento dos 65 anos de idade.

E en terceiro e último lugar, a introducción de previsións que posibiliten que a porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de xubilación poida supera-lo 100 por 100, respecto daqueles traballadores que permanezan en activo alén dos sesenta e cinco anos de idade e acrediten un mínimo de trinta e cinco anos de cotización.

Xunto co sinalado obxectivo de propiciar unha permanencia na actividade do traballador, tamén contén o citado acordo o propósito de reformular as condicións de acceso á xubilación anticipada, de maneira que, por un lado, se manteña na súa regulación actual o acceso, por aplicación de dereito transitorio, á xubilación a partir dos 60 anos e, por outro, poidan acceder á xubilación anticipada, a partir dos 61 anos, os traballadores afiliados á Seguridade Social con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1967, sempre que reúnan determinados requisitos, tales como un período mínimo de cotización de 30 anos, involuntariedade no cesamento, inscrición como desempregado por un prazo de polo menos seis meses e inclusión no campo de aplicación de determinados réximes do sistema da Seguridade Social. Nun e noutro dos dous supostos enunciados, tense que proceder á equiparación dos coeficientes reductores aplicables por razón do anttipo da idade de xubilación.

Así mesmo, no suposto de extinción de contratos de traballo derivados dun expediente de regulación de emprego, promovido por empresas que non estean incurso nun procedemento de concurso, acordouse que aquel deberá levar consigo a obriga de aboalas cotas destinadas a financiar un convenio especial coa Tesorería Xeral e ata a idade de sesenta e cinco anos, e o custo do cal deberá ser soportado por empresarios e traballadores.

Finalmente, como unha manifestación máis do fomento do emprego e para incentivalo non acceso á xubilación en idades anticipadas, foi asumido tamén no propio acordo o establecemento dun novo réxime de bonificacións ou reducións graduais, que poden chegar a alcanzar ata o cen por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

Na súa virtude, co obxectivo de pór en práctica os compromisos asumidos polo Goberno no citado acordo e coa finalidade de permiti-la inmediata efectividade do conxunto de medidas necesarias para este fin, con respecto a algunha das cales o propio acordo comprometía como data de efectos a do 1 de xaneiro de 2002, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2001,

DISPŌÑO:

Artigo 1. *Xubilación flexible.*

Engádese un parágrafo segundo no número 1 do artigo 165 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade